necesarias para adaptar as instalacións á normativa técnica aplicable, ou cando teñan por obxecto a redución do consumo enerxético.

Base 9.- Beneficiarios

Poderán ser beneficiarios das axudas para a rehabilitación de vivendas, edificios e elementos comúns, os propietarios, arrendatarios ou titulares dalgún dereito de uso sobre as vivendas, cando estas constitúan o seu domicilio habitual e permanente.

Tamén poderán solicitar as axudas os titulares de vivendas desocupadas sempre que a solicitude leve parello o compromiso de ocupalas eles mesmos ou transmitilas ou cedelas a terceiras persoas en arrendamento ou por calquera outro título legalmente admisible, sempre que sexa como residencia habitual. Este compromiso terá que ser cumprido antes de transcorridos seis meses dende que finalizasen as obras, e quedarán condicionadas as axudas á efectiva ocupación das vivendas no devandito prazo, que poderá ser prorrogado ata un ano por solicitude da persoa interesada cando medie causa xusta.

Poderán ser beneficiarios das axudas para a rehabilitación de edificios e de elementos comúns dos edificios, os propietarios ou titulares dalgún dereito de uso sobre estes.

PROCEDEMENTO**Base 10.- Iniciación, instrucción e resolución**

A iniciación do procedemento terá lugar mediante Convocatoria pública aprobada polo órgano competente, que terá necesariamente o contido indicado no artigo 23.2 da LXS:

A instrucción do procedemento realizarase pola Oficina Municipal de Rehabilitación que practicará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deberá formularse a proposta de resolución.

A resolución dos expedientes corresponderá a Xunta de Goberno Local previa proposta formulada pola Comisión Avaliadora.

Base 11.- Comisión de avaliación

A Comisión de avaliación estará composta polo Arquitecto técnico do Concello, pola Directora da Oficina Municipal de Rehabilitación e por un funcionario do servizo de intervención do Concello.

A Comisión, previo estudio das solicitudes presentadas, emitirá un dictame no que formulará a proposta de resolución ó órgano competente.

Base 12.- Procedemento: solicitudes, documentos e prazos

1. O petionario deberá solicitar, mediante impreso normalizado, unha visita de inspección técnica previa ó inicio das obras.

2. As solicitudes de axuda presentaranse para tal fin no Rexistro do Concello, previa solicitude do impreso habilitado na Oficina de Rehabilitación.

3. A solicitude achegarase a seguinte documentación:

a) Fotocopia do DNI ou NIF do/a solicitante ou do/a representante autorizado.

b) Documentación acreditativa da propiedade ou do dereito de uso sobre o inmovible.

-. Os arrendatarios ou titulares doutros dereitos de uso deberán achegar ademais autorización do propietario para realizar as obras.

-. Cando se trate de actuacións nos elementos comúns dos edificios: as Comunidades de Propietarios deberán achegar a copia ou certificado do secretario/a da acta da Comunidade na que se recolla o acordo de realización das obras.

-. Cando se trate de actuación nos elementos comúns dos edificios pero non existise comunidade de propietarios legalmente constituído, deberá achegarse un escrito no que conste a conformidade de todos os copropietarios coa realización das obras.

c) Compromiso escrito de destinar a vivenda á súa residencia habitual e permanente polo menos durante un período de cinco anos dende a aprobación definitiva das axudas.

d) Cando o solicitante non habite na vivenda: compromiso escrito de destinar a vivenda a residencia familiar habitual e permanente de terceiras persoas ou a aluguer.

e) Declaración responsábel sobre a concesión ou solicitude doutras axudas desta ou outras administracións para o mesmo fin.

4. A presentación da solicitude de axuda implica a aceptación das bases e das obrigas establecidas nesta norma.

5. Prazos:

a) Para a presentación da solicitude: o prazo que será de 15 días a contar desde a publicación da convocatoria no BOP.

b) Para a resolución: dous meses desde o remate do prazo establecido para a presentación de solicitudes. O vencemento do prazo máximo sen notificarse a resolución lexítima aos interesados da a entender desestimada a concesión da subvención por silencio administrativo.

c) Xustificación da actuación: As obras estarán rematadas no prazo máximo establecido no acordo de concesión provisional das axudas.

Base 13.- Concesión das axudas

Presentada a documentación que se establece no artigo 12, o órgano instructor proporá á Xunta de Goberno Local a aprobación provisional das axudas, que terá a consideración de acto de trámite necesario para a súa obtención.

Os interesados deberán achegar a solicitude de licenzia urbanística nun prazo non superior a un mes desde que lles sexa notificado o acordo de concesión provisional da subvención.

A partir da elaboración do informe de final de obra ou de ser o caso desde que se acredite o cumprimento das condicións sinaladas na aprobación provisional, a Oficina de Rehabilitación someterá o expediente ó órgano municipal correspondente para que este resolva sobre a aprobación definitiva das axudas.

REALIZACIÓN DAS OBRAS, XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

Base 14.- Contratación e inicio das obras

Os solicitantes poderán contratar as obras coas empresas de construción que posúan o correspondente documento de cualificación empresarial e cos profesionais competentes que consideren máis oportuno.

Deberá constar na Oficina de Rehabilitación o presupuesto de execución definitivo, asinado por ambas partes.

As obras deberán iniciarse no prazo máximo de tres meses a partir da concesión da licenzia urbanística. Poderase alongar ese prazo ata seis meses máis se existe causa xustificada.

O solicitante promotor das obras comunicarlle formalmente á Oficina de Rehabilitación a data do comezo das obras, o prazo de execución, as empresas que interveñen e o importe do presuposto de obras de cada empresa.

Base 15.- Finalización das obras

Rematado o prazo de execución das obras, o promotor disporá dun mes para comunicar o seu remate.

Entregada a documentación redactada polo seu técnico director e as facturas e demais xustificantes de gasto, os servizos técnicos da Oficina de Rehabilitación redactarán o correspondente informe.

Base 16.- Xustificación

A xustificación da actuación constitúe unha obriga do beneficiario que baixo a súa responsabilidade aportará a tal fin os orixinais das facturas pagadas ou calquera outro documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención

Base 17.- Pagamento das axudas

As axudas concedidas provisional e definitivamente serán aboadas unha vez que certifique o Concello a finalización das obras e que a Consellería de Vivenda e Solo emita o documento de cualificación definitiva.

O ingreso farase efectivo por transferencia bancaria no nº de conta que o efecto indicou o interesado no momento de presentar a documentación.

Base 18.- Perda da subvención

Ademais das causas establecidas no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións serán causa de perda da subvención:

a) Non reunir as condicións esixidas pola ordenanza, relativas ós solicitantes ou ós inmovibles para rehabilitar.

b) A realización de obras non previstas no proxecto e que non estean autorizadas pola Oficina de Rehabilitación e carezan de licenzia urbanística.

c) A grave incorrección técnico-constructiva das obras, apreciada pola Oficina de Rehabilitación e constatada no proxecto ou na súa execución.

d) A non execución de obras previstas inicialmente que teñan incidencia nas condicións de habitabilidade a respecto do estado previo do inmovible.

e) Iniciar as obras sen dar conta á Oficina de Rehabilitación

f) Incumprir os prazos sinalados na aprobación provisional ou nas prórrogas concedidas, así como as condicións relativas á ocupación das vivendas.

g) O impedimento ou a obstaculización do acceso ás obras ós técnicos da Oficina de Rehabilitación por parte do promotor ou do contratista.

h) Exclúense das axudas os proxectos que supoñan o baleirado da edificación. Isto é cando se demola, en todo o edificio ou en parte, ou nunha das plantas vivideiras a totalidade da estrutura sen autorización previa da Consellería de Vivenda e Solo. A demolición dunha planta en fachada, incluíndo esta tamén se considera baleirado

Base 19.- Publicidade

A publicación das presentes bases realizarase no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia sen prexuízo da información complementaria que se realizará nos distintos medios de comunicación.

Base 20.- Norma final

No previsto nas presentes bases estarase ao disposto na ordenanza municipal reguladora das axudas para a rehabilitación de edificios e vivendas na área de rehabilitación de centro histórico (ARCH) de Monforte de Lemos, e de xeito supletorio, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no seu Regulamento aprobado por R.D 887/2006, de 21 de xullo.

Monforte de Lemos, a 31 de xaneiro do 2008.- O ALCALDE, Severino Rodríguez Díaz.

R. 00641

— Anuncio

Aprobado pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 31 de xaneiro do actual prestou aprobación aos pregos de cláusulas administrativas particulares e técnicas para a contratación de obras de acondicionamento de San Vicente do Camiño Vello da Pescadería ao Castro e rúa Falagueira, anúnciase a licitación para a presentación de propostas co seguinte detalle:

1.- Entidade adxudicadora:

Concello de Monforte de Lemos

2.- Obxecto do contrato:

Descrición do obxecto: Acondicionamento de San Vicente do Camiño Vello da Pescadería ao Castro e rúa Falagueira.

Lugar: Concello de Monforte de Lemos

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación:

Tramitación: Urxente

Procedemento: Aberto

Forma de adxudicación: Concurso

4.- Clasificación:

Grupo C, subgrupo 5, categoría c).

Grupo K, subgrupo 7, categoría c).

5.-Presuposto base de licitación.

422.000,00 euros

6.- Prazo de execución do contrato: 16 semanas.

6.- Garantías:

Definitiva: 4% do importe da adxudicación.

7.- Obtención de documentación e información:

Entidade: Concello de Monforte de Lemos. Departamento de Secretaría.

Código Postal: 27.400

Teléfono: 982 /416540

Telefax: 982/404812

Data límite de obtención de documentos e información: un día antes do remate do prazo de licitación.

8.- Presentación de proposicións:

a) Data límite de presentación: Trece días naturais a partir deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no Diario Oficial de Galicia. O prazo comenizará a computarse a partir da última das publicacións. Se o último día fora sábado ou inhábil o prazo rematará o seguinte día hábil.

b) Documentación a presentar: A esixida nos pregos de cláusulas administrativas particulares e técnicas

c) Lugar de presentación: Rexistro Xeral do Concello, en horas de oficina e ata as 13 horas do día sinalado para a entrega das ofertas no anuncio de licitación, no Campo de San Antón s/n.

9.- Apertura das ofertas:

No Casa do Concello o terceiro día hábil seguinte á finalización do prazo para presentar ofertas ás 10:30 horas. Se coincidira en sábado, o luns seguinte.

10.- Exposición pública do prego de cláusulas: Oito días hábiles seguintes á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no Diario Oficial de Galicia.

11.- Gastos de anuncios.

Con cargo ao adxudicatario.

Monforte de Lemos, a 31 de xaneiro do 2008.- O ALCALDE, Severino Rodríguez Díaz.

R. 00642

NAVIA DE SUARNA

Edicto

Acordado polo Pleno deste Concello iniciar expediente de desafectación do servizo público de Ensinanza dos edificios escolares sitos nos lugares de Barcia, A Eirexa-Galegos, Queizán e Rao, que quedarán calificados como bens patrimoniais, en cumprimento do disposto no art. 8 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, o expediente queda exposto ó públi-

co por prazo de un mes, a contar do día seguinte ó da publicación deste Edicto no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de exame e reclamacións, podendo examinarse durante este prazo na Secretaría do Concello en horario de 9 a 14 horas.

Navia de Suarna, 1 de febreiro de 2008.- O Alcalde, José Fernández Fernández.

R. 00644

NEGUEIRA DE MUÑIZ

Anuncio

O Excmo. Concello de Negueira de Muñiz aprobou inicialmente o expediente de modificación orzamentaria de suplemento de crédito, financiándose con parte do remanente de tesorería líquido do exercicio 2006 e transferencias entre partidas, por acordo adoptado en sesión ordinaria celebrada o vinte e sete de decembro do 2007, non tendo sido presentada ningunha reclamación ó mesmo, dando cumprimento ó que dispón o artigo 177 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, faise público que dito expediente quedando o estado de gastos e ingresos do orzamento xeral para 2007 como de seguido se reflicte:

ESTADO DE GASTOS

CAPITULO	DESCRIPCIÓN	INICIALES	MODIFICAC.	DEFINITIVOS
1	GASTOS DE PERSOAL	276.178,40	0,00	276.178,40
2	GASTOS EN BENS CORRENTES	97.000,00	14.225,15	111.225,15
3	GASTOS FINANCIEROS	1.800,00	195,70	1.995,70
4	TRANSFEREN.CORRENTES	4.000,00	-553,15	3.446,85
6	INVESTIMENTOS REAIS	194.466,63	48.828,00	243.294,63
9	PASIVOS FINANCIEROS	7.600,00	-195,70	7.404,30
	TOTAL	581.045,03 euros	62.500,00 euros	643.545,03 euros

ESTADO DE INGRESOS

CAPITULO	DESCRIPCIÓN	INICIALES	MODIFICAC.	DEFINITIVOS
1	IMPOSTOS DIRECTOS	150.904,43	0,00	150.904,43
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	600,00	0,00	600,00
3	TASAS E OUTROS INGRESOS	2.620,00	0,00	2.620,00
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	350.377,76	50.000,00	400.377,76
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	300,00	0,00	300,00
6	ENAXENACIONDE INVER.REAIS	0,00	0,00	0,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	76.242,84	0,00	76.242,84
8	ACTIVOS FINANCIEROS	0,00	12.500,00	12.500,00
	TOTAL	581.045,03 euros	62.500,00 euros	643.545,03 euros

Segundo dispón o artigo 177.2 deo RDL 2/2004, de 5 de marzo, en relación co artigo 169 do mesmo Texto Refundido, contra este expediente poderá interperse directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial de Provincia.

Negueira de Muñiz, a 25 de xaneiro do dous mil oito.- O ALCALDE, José Manuel Braña Blanco.

R. 00489

OUROL

Anuncio

Habiendo quedado definitivamente aprobado, por el Pleno de este Ayuntamiento, el presupuesto municipal para el ejercicio económico de 2008, por acuerdo adoptado en sesión extraordinaria celebrada el día 25 de enero de 2008, en cumplimiento de lo dispuesto en el art. 169.3 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, se hace público, tanto en gastos como en ingresos, a nivel de capítulos ascienden a los importes que a continuación se expresan:

ESTADO DE GASTOS

Cap	DENOMINACIÓN	IMPORTE
	A) OPERACIONES CORRIENTES	
1	Gastos de personal	626.193,32
2	Gastos en bienes corrientes y servicios	369.600,00
3	Gastos financieros	27.816,05
4	Transferencias corrientes	8.300,00
	B) OPERACIONES DE CAPITAL	
6	Inversiones reales	316.749,13
7	Transferencias de capital	22.000,00
8	Activos financieros	0,00
9	Pasivos financieros	33.341,50
	SUMA TOTAL DE GASTOS	1.404.000,00

ESTADO DE INGRESOS

Cap	DENOMINACIÓN	IMPORTE
	A) OPERACIONES CORRIENTES	
1	Impuestos directos	351.720,00
2	Impuestos indirectos	65.000,00
3	Tasas y otros ingresos	332.087,00
4	Transferencias corrientes	524.140,50
5	Ingresos patrimoniales	6.000,00
	B) OPERACIONES DE CAPITAL	
6	Enajenación de inversiones reales	-----
7	Transferencias de capital	85.052,50
8	Activos financieros	-----
9	Pasivos financieros	40.000,00
	SUMA TOTAL DE INGRESOS	1.404.000,00

En la referida sesión, también se acordó aprobar la plantilla de personal y la relación de puestos de trabajo de esta Corporación, que, de acuerdo con lo que preceptúa el art. 127 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, se reproduce a continuación:

A) FUNCIONARIOS DE CARRERA

DENOMINACIÓN	Nº Plazas	GRUPO	NIVEL	COMPLEM. ESPECIFICO	PAGAS EXTRAS	Situación	FUNCIONES
1. Habilitación de carácter nacional							
1.1. Secretario-Interventor	1	A ₂	26	22.060,00	6.251,18	P	Las determinadas en el RD 1174/1987
2. Escala de Administración General.							
2.1. Subescala Administrativa							

2.1.1. Administrativo. Jefe de Sección	1	C ₁	22	15.337,80	4.364,44	P	Apoyo a Secretaría-Intervención. Sustituye en caso de ausencia, vante o enfermedad al habilitado nacional
2.1.2. Administrativo	1	C ₁	18	5.653,08	2.876,74	P	Servicios generales de administración general
2.2. Subescala Auxiliar							
2.2.1. Auxiliar Administrativo	1	C2	18	11.678,40	3.371,86	P	Las recogidas en bases para la provisión de la plaza publicadas en BOP nº 191 de 21.08.2002

B) PERSONAL LABORAL FIJO

DENOMINACIÓN	Nº PLAZAS	SITUACIÓN	FUNCIONES
Operario de servicios múltiples	1	Propiedad	Mantenimiento de las instalaciones y servicios municipales.
Limpiador/a	1 (½) jornada	Vacante	Las propias de la denominación de la plaza

C) PERSONAL LABORAL TEMPORAL

DENOMINACIÓN	Nº PLAZAS	SITUACIÓN
Trabajadora social	1	Jornada completa
Limpiador/a edificios municipales	2	Media jornada
Limpiador/a edificios municipales	1	Tiempo parcial
Auxiliares de ayuda a domicilio	4	Jornada completa
Auxiliares de ayuda a domicilio	1	Media jornada
Auxiliares de ayuda a domicilio	4	Tiempo parcial
Fisioterapeuta	1	Jornada completa
Técnico local de empleo	1	Jornada completa
Educadora familiar	1	Jornada completa
Operario de servicios municipales	2	Jornada completa
Conductor tractorista-	1	Jornada completa
Conductor	1	Jornada completa
Ingeniero de montes	1	Jornada completa
Animadora sociocultural	1	Jornada completa
Promotor de turismo	1	Jornada completa
Monitor de educación y tiempo libre	1	Jornada completa
Auxiliar Administrativo	1	Jornada completa

Ourol, a 28 de enero de 2008.- El Alcalde-Presidente, Marcial Sanjurjo Fernández.

R. 00544

PARADELA

Anuncio

Aprobado o padrón tributario correspondente á taxa pola prestación dos servizos de recollida de lixo e subministro de auga potable, 3º T, exercizo 2007, así coma a apertura dun período de información pública polo prazo de quince días hábiles a partir da publicación do presente anuncio no BOP, durante o cal tódolos intere-

sados poderán consultar o seu contido na Secretaría do Concello e presenta-las alegacións que estime por convintes.

PERIODO DE COBRO EN VOLUNTARIA: Do 1 de febreiro ó 29 de febreiro de 2008.

MODALIDADE DE COBRO: Os establecidos no artigo 23.1º do Regulamento Xeral de Recaudación.

LUGAR DE PAGO: Na Tesourería Municipal en horario de oficina de 09.00 a 14.30 horas.

RECURSOS: Contra o acordo de aprobación do padrón e das liquidacións incorporadas a éste, poderá formularse recurso de reposición perante a Xunta de Goberno Local, no prazo de un mes, contado dende o día seguinte ao remate do prazo de exposición pública, ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que podan interpoñerse ambos recursos de forma simultánea.

Transcurrido o período de pago voluntario, as deudas serán esixidas pola vía de constrinximento cos correspondente xuros de mora, xuros e costas que se produzan, de selo caso.

Paradela, a 24 de xaneiro de 2008.- O Alcalde-Presidente, José M. Mato Díaz.

R. 00462

—
A PONTENOVA

Anuncio

O Pleno desta Corporación, en sesión extraordinaria celebrada o pasado día 13 de decembro de 2007, prestou aprobación inicial á mutación demanial interna ou cambio de destino público do inmovible FINCA DESTINADA A PISCINAS MUNICIPAIS, para a cesión de superficie á Confederación Hidrográfica do Norte coa finalidade de instalación do sistema automático de información hidrolóxica (SAIH).-

Sométense a exposición pública polo prazo de UN MES contado a partir da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para posibles alegacións ou reclamacións polos interesados. De non presentarse estas, entenderanse definitivamente aprobado.

A Pontenova, 22 de xaneiro de 2008.- O Alcalde, p.s. O primeiro tenente de Alcalde, José Manuel Álvarez Veiga.

R. 00492

—
Edicto

Para os efectos do que dispón o artigo 44.2 do ROF, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, publícase resolución desta Alcaldía polo que, mentres dure a miña ausencia do Concello da Pontenova por asuntos particulares, durante as datas 21 ao 27 de xaneiro de 2008, ambos os dous inclusive, me substituirá en tódalas funcións desta Alcaldía o primeiro tenente de Alcalde don José Manuel Álvarez Veiga.

Dado na Pontenova, a 18 de xaneiro de 2008, data dos seus efectos ao día seguinte, sen prexuízo da súa publicación no BOP de Lugo e taboleiro de anuncios do Concello.

A Pontenova, 18 de xaneiro de 2008.- O Alcalde, Darío Campos Conde.

R. 00505

PORTOMARÍN

Información pública

Aprobados por Resolución de Alcaldía, os padróns de:

- Taxa polo subministro de auga e basura 6º bimestre 2007 .

- Taxa pola recollida de basura rural 2º semestre 2007.

Recursos: Contra o acordo da aprobación do padrón poderase interpor recurso de reposición no prazo de un mes contado dende o día seguinte ó da publicación desta información pública no BOP de Lugo ante a Alcaldía do Concello de Portomarín.

Contra resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

A publicación do padrón no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, surtirá os efectos de notificación da liquidación tributaria a cada un dos suxeitos pasivos.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria e no 68.1 b) do Regulamento Xeral de Recaudación, fíxase como prazo de pago en período voluntario:

- Taxa polo subministro de auga e basura 6º bimestre 2007. Ata o 5/03/08.

- Taxa pola recollida de basura rural 2º semestre 2007.

Ata o 15/03/08.

Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

O resto dos contribuíntes deberán acudir co recibo correspondente á oficina da Caixa Galicia de Portomarín en días labobles de luns a venres, de 9:00 a 14:00 h.

Advírtese que transcurrido o prazo de ingreso, as débedas serán esixidas polo procedemento de apremio e devengarán os correspondentes recargos do período executivo, os intereses de demora e, no seu caso, as costas que se produzan.

Portomarín, 15 de xaneiro de 2008.- A Alcaldesa, Silvia Rodríguez Díaz.

R. 00542

—
QUIROGA

Ao non haberse presentado reclamacións a aprobación provisional da modificación da ordenanza do

Concello de Quiroga reguladora do IBI, elévase a definitivo o acordo ata entón provisional, dacordo co artigo 17.3 do RDLex de 5 de marzo de 2004, quedando redactados os artigos modificados do seguinte xeito:

Artigo 8º. Tipo de gravame e cota tributaria.

A cota íntegra deste imposto será o resultado de aplicar á base liquidable os seguintes tipos de gravame:

a) Para os bens inmobles de natureza urbana o 0,55%.

b) Para os bens inmobles de natureza rústica o 0,45%.

c) Para todos os grupos de bens inmobles de características especiais o 1,3%

Artigo 9º. Bonificacións

1. No suposto de novas construcións, pódese conceder unha bonificación do 50% na cota íntegra do Imposto, previa solicitude dos interesados e antes do inicio das obras, ás empresas urbanizadoras, constructoras e promotoras, tanto si se trata de obra nova como rehabilitación equiparable a ela, de conformidade co artigo 74 da Lei 39/1988, de 28 de decembro.

O prazo para beneficiarse da bonificación comprende o tempo de urbanización, o de construción e un ano máis a partir da finalización das obras. O citado prazo non pode ser superior a tres anos a partir do inicio das obras de urbanización e construción.

Para aproveitar a citada bonificación, os interesados deberán de cumprir os seguintes requisitos:

a) Acreditación da data de inicio das obras de urbanización o construción de que se trate, a que se fará mediante certificación do Técnico-Director competente delas, visado polo Colexio Profesional.

b) Acreditación de que a empresa dedícase á actividade de urbanización, construción e promoción inmobiliaria mediante a presentación dos Estatutos da Sociedade.

c) Acreditación de que o inmovible obxecto da bonificación non forma parte do inmovilizado mediante a presentación de certificación do Administrador da Sociedade, ou fotocopia do último balance presentado ante a A.E.A.T., a efectos do Imposto sobre Sociedades.

d) A solicitude da bonificación pódese formular desde o momento no que se pode acreditar o inicio das obras.

2. As vivendas de protección oficial gozarán dunha bonificación do 50 por 100 durante o prazo de tres anos, contados desde o outorgamento da cualificación definitiva, e previa petición do interesado, debendo xustificar a titularidade mediante escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade.

3. Terán unha bonificación do 95 por 100 da cota íntegra os bens de natureza rústica das cooperativas agrarias e de explotación comunitaria da terra, de acordo co establecido no artigo 134 da Lei 20/1990, de 19 de decembro, de Cooperativas.

4. Terán dereito a unha bonificación do 90% da cota íntegra do imposto os suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa, mentres por normativa se encontre dita familia constituída como tal.

5.- Establécese unha bonificación do 50% da cota íntegra do imposto a favor dos bens inmobles ubicados en solo de núcleo rural, ao abeiro do artigo 74.1 do RD Lex de 5 marzo de 2004.

6.- Establécese, asemade, unha bonificación na cota íntegra do imposto equivalente á diferenza positiva entre a cota íntegra do exercicio e a cota líquida do exercicio anterior multiplicada esta última polo coeficiente de incremento máximo anual establecido no apartado seguinte, para tódolos aqueles inmobles que se atopan dentro do casco urbano do Concello de Quiroga, ao abeiro do artigo 74.2 do RD Lex de 5 marzo de 2004.

Esta bonificación terá unha duración máxima de tres períodos impositivos.

7.- O coeficiente ao que se refire o apartado anterior é o 1,2 .

Quiroga, a 22 de xaneiro de 2008.- Jose Ángel Rodríguez Raposo.

R. 00473

Ao non haberse presentado reclamacións a aprobación provisional da modificación da ordenanza do concello de Quiroga reguladora da taxa pola visita ao Museo Etnográfico do viño e do aceite de Quiroga, elévase a definitivo o acordo ata entón provisional, dacordo co artigo 17.3 do RDLex de 5 de marzo de 2004, quedando redactada do seguinte xeito:

ORDENANZA REGULADORA DAS TAXAS POLAS VISITAS AO MUSEO ETNOGRÁFICO DO VIÑO E DO ACEITE DE QUIROGA

Artículo 1º.- Obxeto e fundamento.

O Concello de Quiroga, en uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142da Constitución, así como polo artigo 106 da Ley 7/1.985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 17 do RD Lex 2/2004 de 5 de marzo Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establece a Taxa polas visitas ao etnográfico do viño e do aceite, que se rexirá pola presente Ordenanza Fiscal, cuas normas atenden ao previsto no artigo 20 e ss do citado RD Lex 2/2004 de 5 de marzo.

Artículo 2º.- Feito impositivo e obriga de contribuir.

Constitue o feito impositivo a entrada ao recinto do museo etnográfico do viño e do aceite.

Están obrigados ao pago da taxa regulada nesta Ordenanza, as persoas que visiten as instalacións do citado museo etnográfico do viño e do aceite.

Artículo 3º. Suxeitos pasivos

Son suxeitos pasivos da taxa, en concepto de contri-

buintes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades as que se refire o artigo 36 da Lei Xeral Tributaria que utilicen os servicios conforme ao suposto previsto no artigo 20.4 w) do RD Lex 2/2004 de 5 de marzo

Artículo 4º. Responsables.

Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas as que se refiren os artigos 41 a 43 da Lei xeral Tributaria.

Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades, os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que recolle o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

Artículo 5º. Exencións, bonificacións, reducións.

Estarán exentos do pago da taxa os rapaces/as de 0-10 anos e os donantes de pezas e acompañantes.

Artículo 6º. Cuantía da taxa.

As taxas reguladas na presente ordenanza quedan cuantificadas conforme a seguinte:

Tarifa

- Grupos a partires de 10 persoas	1,00 euros
- Rapaces/as de 4-16 (incluídos)	1,00 euros
- A partires de 65 anos	1,00 euros
- Familias numerosas	1,00 euros
- Discapacitados	1,00 euros
- Adultos en general	2,00 euros

Artículo 7º. Devengo e término de pago.

A obriga de pago destas taxas nace coa visita ás dependencias do museo etnográfico do viño e do aceite, sito na rúa Real, efectuándose o pago no momento da entrada a dito establecemento.

Disposición final

A presente ordenanza entrará en vigor no día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comenza- rá a aplicarse a partires da publicación da súa aproba- ción definitiva, permanecendo en vigor ata a súa modifi- cación ou derogación expresas.

Quiroga, a 22 de xaneiro do 2008.- Jose Ángel Rodríguez Raposo.

R. 00474

—
SARRIA

Edicto

Solicitándose desta Alcaldía por D. LÓPEZ Y VARE- LA S.C., licencia municipal para instalación de LEGALIZACIÓN DE ACTIVIDADE DE EXPLOTACIÓN GANDEIRA E CONSTRUCCIÓN DE FOXA DE ZURRO, en Meixente - A Poza, deste Concello, cumprindo o dis- posto polo apartado a), do número 2, do artigo 30 do

Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas do 30 de novembro de 1961, sométese a información pública polo termo de dez días hábiles, ó obxecto de que durante o mesmo- que come- zará a contarse dende o día seguinte á inserción do pre- sente edicto no Boletín Oficial da Provincia- poida exam- inarse o expediente, na Secretaría deste Concello, polas persoas que dalgún xeito se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que estimen oportunas.

Sarria, 21 de xaneiro do 2008.- O Alcalde, Claudio Melquiades Garrido Martínez.

R. 00475

—
SOBER

Anuncio

En cumprimento do establecido no artigo 97 da Lei 7/1985 do 2 de abril, de Bases de Réxime Local, e no artigo 6.1º do RD 896/1991, do 7 de xuño, faise público que por acordo da Xunta de Goberno Local de 9 de xaneiro do 2007, aprobouse a convocatoria e as bases que rexerán a provisión, polo procedemento de concu- rso, dunha praza de Técnico Local de Emprego (Axente de Desenvolvemento Local), en réxime laboral fixo, e pertencente á oferta de emprego público do ano 2007 aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data de 19 de setembro de 2007 (BOP Nº 236 de 13 de outubro de 2007), constatándose que no cadro de Persoal Laboral do Concello de Sober figura vacante e dotada presupostariamente a citada praza.

BASES DA CONVOCATORIA PARA CUBRIR COMO PERSOAL LABORAL FIXO, MEDIANTE CONCURSO, UNHA PRAZA DE TÉCNICO/A LOCAL DE EMPREGO (AXENTE DE DESENVOLVEMENTO LOCAL).

1.- Obxecto da convocatoria.

O obxecto da convocatoria é a cobertura, polo siste- ma de concurso, dunha praza de Técnico/a Local de Emprego (Axente de Desenvolvemento Local) como persoal laboral fixo, incluída na oferta de emprego públi- co do ano 2007, correspondente ó nivel de titulación de Diplomado Universitario, incluída no cadro de persoal deste Concello, e dotada coas retribucións establecidas no orzamento municipal.

2.- Funcións a desempeñar.

As funcións a desempeñar serán as propias do posto de traballo de Técnico/a Local de Emprego (Axente de Desenvolvemento Local) sendo fundamentalmente as seguintes:

2.1.- Colaborar na implantación das políticas activas de emprego, relacionadas coa creación de actividade empresarial.

2.2.- Xestionar axudas para favorece-lo emprego, centrándose sobre todo naqueles colectivos con maio-

res dificultades á hora de conseguir emprego.

2.3.- Informa-las empresas dos instrumentos dispoñibles de promoción e fomento da competitividade empresarial, así como facilita-lo seu acceso a estes.

2.4.- Promove-la cultura emprendedora fomentando iniciativas empresariais e apoiando novos proxectos de autoemprego individual ou colectivo, informando das medidas de apoio existentes e poñendo en relación persoas emprendedoras e recursos.

2.5.- Comunicarlles ás empresas e persoas emprendedoras as subvencións para a formación e o emprego, así como facilita-lo acceso a elas.

2.6.- Facilita-la inserción laboral das persoas demandantes de emprego, en especial das participantes en políticas activas de emprego, identificando as necesidades de persoal das empresas a curto e medio prazo e proponiendo accións de mellora da empregabilidade da poboación desempregada.

2.7.- Observación estratéxica do territorio e realización de estudos co fin de detectar necesidades formativas e educativas da poboación desempregada.

2.8.- Contribuír ao desenvolvemento socio-económico do territorio mediante:

A prospección de recursos ociosos e infrautilizados e de proxectos empresariais de promoción económica e iniciativas innovadoras para a xeración de emprego.

A difusión e estímulo das potenciais oportunidades de creación de actividades entre persoas desempregadas, promotores e promotoras, persoas emprendedoras e institucións colaboradoras, levando a cabo accións de sensibilización e promoción empresarial.

O acompañamento técnico na iniciación de proxectos empresariais para a súa consolidación en empresas xeradoras de novos empregos, asesorando e informando sobre a viabilidade técnica, económica e financeira e, en xeral, sobre os plans de lanzamento de empresas.

O apoio os promotores/as de empresas, unha vez constituídas éstas, acompañándoos/as tecnicamente durante as primeiras etapas de funcionamento.

2.9.- Calquera outra que axude á implantación das políticas activas de emprego, e a creación de emprego no Concello de Sober.

3.- Requisitos dos aspirantes.

a.- Ser español ou ciudadano membro dun estado da Comunidade Europea, nos términos sinalados na Lei 17/1993, de 23 de decembro.

b.- Ter cumpridos 18 anos de idade ó día que remate o prazo de presentación de solicitudes.

c.- Estar en posesión do título de Diplomado Universitario ou título equivalente, ou en condicións de obtelo na data en que remate a presentación de instancias. (Deberá aportar fotocopia compulsada).

No suposto de invocar un título equivalente ou homologado o esixido, deberase xustificar con certificado

expedido polo organismo competente para establecelas.

d.- Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o normal desempeño das funcións que lle son propias. No caso de ser seleccionado para o posto, acreditarase mediante certificado médico oficial.

e.- Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas nin atoparse inhabilitado para o desenvolvemento das funcións públicas por sentenza xudicial. No caso de ser seleccionado para o posto, acreditarase mediante declaración formal baixo xuramento ou promesa.

Os requisitos anteriormente establecidos deberán posuírse polos aspirantes no momento da finalización do prazo de presentación de instancias, debendo manterse as mesmas durante todo o período selectivo, ata a formalización do contrato de traballo.

O mesmo tempo quen obteña o posto obxecto desta convocatoria, estará suxeto ó réxime de incompatibilidades que determinen as disposicións vixentes.

4.- Presentación de solicitudes.

4.1.- Os aspirantes que desexen tomar parte nas probas selectivas deberán facelo constar na instancia que figura como anexo das presentes bases, dirixida a Sra. Alcaldesa-Presidenta, e que deberán presentar no rexistro xeral do concello no prazo de vinte días naturais contados a partir do seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

4.2.- As instancias poderán presentarse, así mesmo, por calquera das formas previstas no artigo 38 da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

4.3.- As instancias irán acompañadas da seguinte documentación:

a) Copia compulsada do DNI ou pasaporte

b) Copia compulsada do título requerido para acceder á praza.

c) Documentos acreditativos dos méritos a valorar no concurso (orixinais ou copias compulsadas)

5.- Admisión de aspirantes:

Rematado o prazo de 20 días naturais fixados para a presentación de solicitudes, a Alcaldesa-Presidenta ditará resolución, que será publicada no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, indicando a relación de aspirantes admitidos e excluídos, se é o caso, coas causas da exclusión e coa indicación dun prazo de 10 días hábiles para a presentación de reclamacións, subsanación de defectos, e mellora de solicitudes nos termos definidos no artigo 71 da Lei 30/92, de non presenta-la solicitude de rectificación ou reclamación no prazo indicado, decaerá no seu dereito, sendo excluído definitivamente da lista de aspirantes.

Unha vez resoltas as reclamacións pola Alcaldía publicarase a relación definitiva de aspirantes admitidos, no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello.

Xunto coa publicación da lista definitiva, publicarase a composición do tribunal, e a data, hora e lugar en que se procederá a valoración dos méritos alegados.

Os sucesivos anuncios publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello.

6.- Composición do tribunal.

6.1.- O tribunal cualificador estará constituído polos seguintes membros:

- Presidente: Un funcionario ou laboral fixo designado polo Gabinete de Asesoramento, Asistencia e Defensa Xurídica das Corporacións Locais da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

- Secretario/a: O Secretario/a da Corporación ou funcionario en quen delegue.

- Vocais:

- Un funcionario con habilitación de carácter estatal designado pola Alcaldía

- Un Técnico/a Local de Emprego adscrito aos servizos da Axencia de Emprego e Desenvolvemento Local de Corporacións Locais.

- Un funcionario ou laboral fixo designado polo Gabinete de Asesoramento, Asistencia e Defensa Xurídica das Corporacións Locais da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

6.2.- O nomeamento das persoas que constituirán o tribunal calificador e suplentes, efectuaráse por Resolución de Alcaldía, vista a proposta formulada polos Organismos correspondentes no seu caso.

6.3.- Tódalas persoas que formen parte do tribunal contarán con voz e voto, debendo posuír ademais un nivel de titulación igual ou superior o esixido para o acceso á praza convocada.

6.4.- O tribunal poderá autorizar a presenza dun asesor con voz pero sen voto.

6.5.- Os membros do tribunal cualificador deberán de absterse cando concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 29 do PAC.

6.6.- Os aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando se dea algunha das circunstancias previstas no artigo 21 do PAC.

6.7.- O tribunal non se poderá constituír nin actuar, sen presenza, cando menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes. En todo caso requírese a presenza do Presidente/a e Secretario/a ou quen legalmente os substitúan.

6.8.- Será competencia do tribunal resolver tódalas dúbidas que xurdan en aplicación das presentes normas, así como nos casos non previstos nestas. E terán dereito o cobro das asistencias establecidas pola lexislación vixente.

7.- Procedemento de selección.

O sistema de selección, como se expresa na base primeira da presente convocatoria, será o de concurso

específico de méritos, en atención a natureza específica do posto.

A valoración dos méritos alegados e acreditados, en tempo e forma polos aspirantes, farase de acordo co seguinte baremo:

7.1.- Experiencia profesional.

* Por servizos prestados na Administración Pública, desempeñando o posto de traballo de Técnico Local de Emprego, Axente de Desenvolvemento Local ou Axente de Emprego e Desenvolvemento Local: 0,20 puntos por mes de traballo a xornada completa, ata un máximo de 10 puntos.

* Por servizos prestados na Administración Pública, desempeñando o posto de traballo vinculado coa xestión do emprego, de Informador Laboral, Orientador Laboral, Técnico de Información ou de Demandas de Emprego: 0,20 puntos por mes de traballo a xornada completa, ata un máximo de 5 puntos.

Non se computarán servizos inferiores a un mes, considerándose para estes efectos, os meses de trinta días.

Para acreditar estes servizos deberá acompañar copia auténtica dos correspondentes nomeamentos ou contratos de traballo xunto co oportuno informe de vida laboral expedido pola Seguridade Social.

7.2.- Formación Profesional.

- Master ou curso de postgrado para Axentes ou Técnicos de Emprego ou Desenvolvemento Local de 600 ou máis horas de duración: 3 puntos.

- Curso de Técnico en Prevención de Riscos Laborais. Nivel superior de 600 ou máis horas de duración: 2 puntos.

- Curso de Metodoloxía Didáctica. Formación de Formadores de 150 ou máis horas de duración: 2 puntos.

Estos méritos serán acreditados cos correspondentes diplomas oficiais ou certificacións. A puntuación máxima a acadar neste apartado será de 7 puntos.

7.3.- Outros cursos formativos.

*Cursos de formación expedidos ou homologados por organismos oficiais, relacionados co posto de traballo convocado, nos que se expedira diploma, certificación de asistencia ou, no seu caso, de aproveitamento, ata un máximo de 2 puntos, con arranxo os seguintes criterios:

- Cursos de 11 ou máis horas e menos de 30 horas: 0,2 puntos por curso.

- Cursos de 30 ou máis horas e menos de 50 horas: 0,4 puntos por curso.

- Cursos de 50 ou máis horas: 0,6 puntos por curso.

7.4.- Coñecemento da lingua galega.

Ata un máximo de 2 puntos, con arranxo os seguintes criterios:

- Curso de iniciación (ou Celga 3 segundo o establecido na Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 16 de xullo do 2007): 1 punto.

- Curso de perfeccionamento (ou Celga 4 segundo Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 16 de xullo do 2007): 2 puntos.

Este mérito acreditarase mediante certificado expedido pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia ou validación, e só se valorará o título de maior nivel e puntuación acreditado.

7.5.- Realización ou colaboracións na redacción e elaboración de plans de desenvolvemento rural, estudos ou campañas xeradoras de emprego para Corporacións Locais ou outros organismos oficiais. 2 puntos por traballo ou colaboración ata un máximo de 4 puntos.

Este mérito acreditarase mediante a correspondente certificación.

7.6.- Pola obtención de un ou máis premios a proxectos vinculados á creación de emprego ou desenvolvemento local, convocados por organismos oficiais. 2 puntos.

Este mérito acreditarase mediante a correspondente certificación oficial.

A puntuación máxima que se poderá obter, de acordo co baremo sinalado, será polo tanto de 32 puntos.

8.- Entrevista persoal.

No caso de empate entre dous ou máis aspirantes, esta circunstancia resolverase por medio dunha entrevista persoal que se valorará de 0 a 3 puntos, e aos efectos de concreción dos méritos alegados que versará sobre o coñecemento do posto de traballo a desenvolver. Neste suposto, notificarase aos interesados cunha antelación mínima de 24 horas, indicando data, lugar e hora da entrevista, sendo por conta dos interesados no procedemento selectivo os gastos que esta circunstancia lles poidese ocasionar.

9.- Lista de aprobados.

Rematada a valoración dos aspirantes, o tribunal publicará no taboleiro de anuncios do Concello a relación dos mesmos por orde da puntuación obtida, coa indicación dos nomes e apelidos, co correspondente DNI, e coa indicación do candidato incluído na proposta para a formalización do contrato.

O tribunal elevará a proposta, ademais da acta da derradeira sesión, á Sra. Alcadesa-Presidenta para que proceda á formalización do contrato.

O tribunal non poderá aprobar nin declarar que superaron o concurso un número superior de concursantes ó da praza convocada. Calquera proposta de aprobados que contraveña ó anteriormente establecido será nula de pleno dereito.

10.- Presentación de documentos e formalización do

contrato.

No prazo de vinte días naturais contados dende o seguinte ó da publicación da lista de aprobados o aspirante proposto deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello os seguintes documentos:

a) Declaración de non ter sido separado do servizo de ningunha administración pública mediante expediente disciplinario, nin estar inhabilitado para o exercicio da función pública.

